

Sendo necesario elaborar una listaxe de profesorado de lingua española para estudiantado estranxeiro para a posible cobertura por contratación temporal que permita cubrir necesidades de persoal docente que xurdan na Oficina de Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela (USC) SL. (en adiante CI), a conselleira delegada de CI resolve convocar o proceso para a elaboración da citada listaxe con suxección ás seguintes bases:

BASES DA CONVOCATORIA

1. REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

As persoas candidatas deberán cumplir os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou nacional de calquera estado membro da Unión Europea ou dalgún estado ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.
- b) Ter cumplidos dezaoito anos de idade e non ter alcanzado a idade de xubilación.
- c) Estar en posesión dun título universitario de licenciatura ou grao do ámbito filolóxico. No caso de persoas estranxeiras, o título deberá estar homologado.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

2. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

2.1. As persoas que desexen participar neste proceso deberán presentar a solicitude segundo o modelo que figura como anexo a esta convocatoria, acompañada da documentación que se indica, dirixida á Conselleira Delegada, na oficina de Cursos Internacionais situada na Avenida das Ciencias s/n, chalé nº 3, C.P.15782 do Campus Sur de Santiago de Compostela, A Coruña, en horario de 09.00h a 14.00h, ou por correo certificado. No caso de envío por correo certificado, deberase enviar por correo electrónico o resgado o mesmo día do envío (ci.gerencia@usc.es).

2.2 Documentación a presentar:

2.2.1. Xunto coa solicitude de admisión, as persoas interesadas presentarán fotocopias de:

- DNI ou pasaporte.
- Currículum vitae.
- Documentación xustificativa dos méritos alegados, organizados segundo a descripción que figura no Currículum.

2.2.2. A experiencia laboral xustificarase co informe de vida laboral ou certificado de servizos prestados.

2.2.3. A formación xustificarase con copias dos diplomas dos cursos de formación e cualificación profesional.

2.2.4. A formación impartida xustificarase con certificación expedida pola entidade correspondente.

2.2.5. O comité de selección non valorará aqueles méritos que non se atopen suficientemente acreditados documentalmente nin os presentados fóra do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

2.2.6. En calquera momento CI poderá requirir das persoas aspirantes os orixinais ou copias debidamente compulsadas dos documentos que se correspondan coas simples presentadas.

2.3. Co fin de garantir a participación en condicións de igualdade, aquelas persoas cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% indicarán na súa solicitude as necesidades de adaptacións específicas e o seu motivo. Esta circunstancia deberá ser acreditada documentalmente xunto coa solicitude, presentando copia orixinal ou compulsada da cualificación da minusvalía.

2.4. O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais desde o día seguinte da publicación da presente convocatoria, polo que rematará ás 14:00 horas do día 30 de maio de 2025.

2.5. A presentación da solicitude supón a plena aceptación por parte das persoas candidatas das presentes bases e a declaración de que todos os datos consignados nela son certos.

3. ADMISIÓN DE SOLICITUDES

Rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase na web <http://cursosinternacionais.usc.es/>, na sección de “COMUNICADOS”, a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas. Para emendar os defectos que motivaran a exclusión ou omisión das devanditas listas, as persoas aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución.

4. LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo para emendar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión das persoas aspirantes, publicarase no lugar indicado na base 3 a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

O feito de figurar na lista de persoas admitidas non prexulga o recoñecemento ás persoas interesadas da posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

5. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión de selección estará composta polos membros que se indican a continuación:

- Presidenta
Dna. María José López Couso, Conselleira Delegada de CI
- Secretaria
Dna. Pilar Taboada-de-Zúñiga Romero, Directora-Xerenta de CI

- Vogais
D. Tomás Jiménez Juliá
- Suplente
Dna. Marta Blanco Domínguez

6. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

6.1. Primeira fase: Valoración de méritos

Consistirá na análise e valoración do currículum, de acordo co recollido nos seguintes apartados. Esta fase será cualificada de 0 a 35 puntos, desagregados do seguinte xeito:

1. Formación académica:

1. FORMACIÓN ACADÉMICA	
1.1 Titulación universitaria específica na especialidade obxecto do concurso (Filoloxía Hispánica, Lingua e Literatura Españolas ou similares)	2
1.2. Titulación universitaria afín (Outras filoloxías)	1
1.3. Máster en Ensino do español como lingua estranxeira (ELE)	2
1.4. Outras titulacións en didáctica de ELE (cursos de postgrao, especialización, expertos universitarios). Superiores a 100 horas	Ata 1,5
1.6. Acreditación como examinador/a DELE	Ata 1,5
1.7. Cursos de formación en didáctica do español con fins específicos	Ata 1
1.8. Outros cursos de formación en ELE	Ata 1
TOTAL	10

2. Experiencia docente:

2. EXPERIENCIA DOCENTE (deberá ser acreditada debidamente con indicación da duración e o número de horas impartidas)	
2.1 Experiencia no ensino do español como lingua estranxeira	
- En Cursos Internacionais da USC	6
- Noutros centros	4

2.2 Experiencia como docente en cursos de formación para profesorado de ELE	3
2.3 Experiencia no ensino de cursos de español para fins específicos (negocios, saúde, medicina, académicos etc.)	2
2.4. Experiencia como avaliador/a dos exames DELE	2
2.5 Experiencia na aplicación de novas tecnoloxías na ensinanza de linguas	1
TOTAL	18

3. Publicacións e relatorios:

3. PUBLICACIÓN S E RELATORIOS	
3.1 Publicacións específicas de ELE (libros, artigos, outros materiais)	2
3.2 Outras publicacións (libros, artigos, materiais)	0,5
3.3 Comunicacións e relatorios relacionados co ensino de ELE presentados en congresos, seminarios e otros eventos de difusión científica	2
3.4 Outras comunicacións e relatorios presentados en congresos, seminarios e otros eventos de difusión científica	0,5
TOTAL	5

4. Outros méritos:

4. OUTROS MÉRITOS	
4.1 Coñecemento de linguas estranxeiras	2

6.2. Segunda fase: Entrevista persoal

Entrevista persoal	Ata 15
---------------------------	---------------

A entrevista persoal tratará sobre os méritos e experiencia alegados na solicitude. A esta segunda fase do proceso só poderán acceder as 15 persoas candidatas que acadasen maior puntuación na suma das tres primeiras epígrafes da fase de valoración de méritos.

Esta segunda fase será cualificada de 0 a 15 puntos.

7. PROPOSTAS PROVISORIA E DEFINITIVA

A proposta provisoria de listaxe formulada pola Comisión de selección publicarase na páxina web indicada na base 3. Contra esta proposta, as persoas aspirantes poderán presentar reclamación perante a Comisión no prazo máximo de tres días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación.

Rematado o prazo sinalado no parágrafo anterior sen terse presentado reclamacións ou unha vez resoltas estas, a Comisión de selección elevará a proposta definitiva de persoas aspirantes que conforman a listaxe á Xerencia de Cursos Internacionais. A devandita listaxe publicarase na web indicada na base 3.

8. PUBLICACIÓN DA PROPOSTA, XORNADA DE TRABALLO E RETRIBUCIÓNS

8.1. Publicación. Rematado o proceso selectivo, unha vez recibida a proposta da Comisión de Selección, publicarase a listaxe de agarda para a posible contratación laboral de persoal docente para CI, co máximo establecido na lexislatura vixente.

8.2. Contrato. O contrato será, segundo a normativa vixente, polo tempo necesario para o desenvolvemento da actividade para a cal se realice a contratación.

8.3. Retribución. A remuneración será a establecida polo convenio colectivo de aplicación en CI da USC para a categoría de profesor/a. A xornada de traballo será de luns a venres en horario a establecer cun máximo de 30 horas semanais.

8.4. Incompatibilidade. O posto de profesor/a de Español como Lingua Estraneira será incompatible co exercicio de calquera actividade pública ou privada no mesmo horario.

9. PROCEDEMENTO E XESTIÓN DA LISTAXE

9.1. Os chamamentos faranse de acordo coa orde que resulte do indicado na base 8, e as persoas candidatas serán avisadas mediante correo electrónico e teléfono para ter constancia de dito aviso. Para iso deben facilitar un enderezo de correo electrónico e un teléfono de contacto, preferentemente móvil, que permita a resposta inmediata. Deberán contestar no prazo máximo dun día hábil dende a recepción do aviso. Transcorrido este

prazo sen que se obtivese resposta, a persoa candidata pasará ao final da lista, agás nos casos recollidos no apartado b) desta base, e continuarase co procedemento chamando á seguinte persoa e así sucesivamente.

CI da USC non se fai responsable de correos electrónicos non recibidos, polo que é obriga da persoa afectada comprobar que está a recibir os correos electrónicos correctamente e, no caso de non ser así, contactar coa Xerencia de CI, sendo responsabilidade tamén da persoa candidata a actualización dos seus datos de contacto.

9.2. A renuncia a unha oferta suporá o desprazamento da persoa candidata ao final da lista, agás no caso de que se xustifique de forma suficiente, e únicamente para os seguintes supostos:

- a) Maternidade, paternidade, acollemento ou adopción legal, durante o período de duración do correspondente permiso e/ou licenza.
- b) Matrimonio ou unión de feito en análoga relación de afectividade, debidamente acreditados mediante documento público, durante o período de duración do correspondente permiso e/ou licenza.
- c) Falecemento de familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, durante o período de duración do correspondente permiso e/ou licenza.
- d) Existencia doutro contrato en vigor.
- e) Enfermidade da persoa aspirante, debidamente acreditada.
- f) Coidado de menores ou familiar directo afectados por calquera enfermidade grave que requira ingreso hospitalario.

As persoas afectadas por algún destes supostos quedarán suspendidas temporalmente da listaxe.

Cando rematen as causas que motivaron a renuncia, a persoa interesada deberá comunicar inmediatamente por medio de un escrito dirixido á Xerencia de CI, co obxecto de ser incluída novamente no mesmo posto que ocupaba na listaxe.

9.3. As reclamacións contra a xestión da lista serán resoltas pola Comisión de Selección.

9.4. A lista de agarda terá una duración dun ano prorrogable e, en todo caso, ata a convocatoria dun novo proceso selectivo de persoal docente.

10. RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN

A documentación presentada para este proceso de selección poderá ser retirada polas persoas non seleccionadas na oficina de CI (Avda. das Ciencias, chalé nº 3. Campus Sur. Santiago de Compostela) a partir do mes seguinte do remate do proceso, agás que estea afectado pola interposición de recursos.

No caso de non retirar a antedita documentación no prazo de tres meses, procederase á súa destrucción.

11. DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Corresponde á Comisión de Selección a interpretación das presentes bases, en particular a aplicación pormenorizada do baremo establecido, así como a valoración dos medios de acreditación dos méritos.

Santiago de Compostela, a 19 de maio de 2025



A Conselleira Delegada de Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela SL., María José López Couso